



# FUNDACIÓN OLGA GALLEGO

---

*Plan de actuación 2016*

Proposta de actividades a desenvolver



## Contido

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. ORZAMENTO DA FUNDACIÓN PARA O ANO 2016.....	5
3. OBXECTIVOS.....	6
4. ACTIVIDADES.....	6
4.1. Publicación das Actas das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos. ....	7
4.2. Sinatura de novos convenios de colaboración. ....	7
4.3. Realización dunha xornada monográfica (por definir) en colaboración con outra/s entidade/s.....	7
4.4. Realización das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos. ....	7
4.5. Publicación dun novo número do Boletín Auriense. ....	8
4.6. Publicación das actas en papel das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos. ....	8
4.7. Difusión web da Fundación e das súas actividades .....	8

## 1. INTRODUCCIÓN.

A Fundación Olga Gallego, con Número de Identificación Fiscal G70402698, constituíuse na Coruña o día 24 de febreiro de 2014 por escritura pública outorgada perante o notario don José Manuel Lois Ponte, do Ilustre Colexio de Galicia, por dona Pilar Gallego Domínguez, irmá de Olga, e don Pedro López Gómez, que é presidente vitalicio dela.

A Fundación, que ten a súa sede na rúa Rosalía de Castro 13, baixo, 15004. A Coruña, foi dotada cun capital inicial de 200.000 € (douscentos mil euros) e persegue os seguintes fins:

- A protección, defensa e fomento dos Arquivos e do Patrimonio documental de Galicia e de interese para Galicia, e doutros territorios con vínculos culturais coa nosa comunidade como América e Portugal.
- O fomento da investigación sobre Arquivos e documentos de Galicia e de interese para Galicia, e doutros territorios con vínculos culturais coa nosa comunidade como América e Portugal.
- O fomento e estudo da Arquivística.
- O fomento da formación dos profesionais dos arquivos.

Para a consecución destes fins, e de acordo co artigo 7 dos seus Estatutos, que constan anexos á escritura fundacional, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

- a) Organizar congresos, xornadas, exposicións e certames sobre temas de interese para os arquivos e para os profesionais dos arquivos.
- b) Organizar conferencias, seminarios e outras actividades encamiñadas á difusión e ao coñecemento dos arquivos e do patrimonio documental
- c) Establecer comisións e grupos de traballo que realicen investigacións, estudos, enquisas e proxectos relacionados cos arquivos e os profesionais dos arquivos.
- d) Favorecer a investigación científica e técnica sobre arquivística, arquivos e documentos.
- e) Organizar premios de investigación en materia de protección, fomento e defensa do patrimonio documental, ou calquera outro aspecto relacionado coa arquivística e os arquivos.

- f) Editar traballos sobre arquivos e patrimonio documental
- g) Organizar cursos e outras actividades formativas relacionadas coa arquivística e cos arquivos.
- h) Crear canles de comunicación con institucións relacionadas cos arquivos e cos profesionais dos arquivos
- i) Así como calquera outra actividade de natureza análoga ás anteriores

A Fundación, con Número de Identificación Fiscal definitivo G70402698, poderá realizar actividades económicas que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais, ou sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

A Fundación foi clasificada de interese cultural para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego por Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, adscribíndose ao protectorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por Orde do 28 de maio de 2014 (DOG núm. 118 do 23 de xuño de 2014). Por Resolución do 30 de xuño de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, declarouse de interese galego e ordenouse a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Olga Gallego (DOG núm. 132, do 14 de xullo de 2014).

De acordo co artigo 12 dos seus Estatutos, a Fundación está composta por un padroado, constituído polas seguintes persoas:

D<sup>a</sup> Pilar Gallego Domínguez. Presidenta honoraria.

D. Pedro López Gómez. Presidente.

D<sup>a</sup> María Dolores Pereira Oliveira. Vicepresidenta.

D. Gabriel Quiroga Barro. Secretario.

D<sup>a</sup> Isabel Buján Bernárdez. Vogal. Representante da Asociación de Arquivistas, Bibliotecarios, Documentalistas e Museólogos de Galicia (BAMAD-GALICIA).

D<sup>a</sup> María del Mar García Miraz. Vogal.

D<sup>a</sup> Olimpia López Rodríguez. Vogal.

D<sup>a</sup> Minia Martul Tobío. Vogal honoraria.

## 2. ORZAMENTO DA FUNDACIÓN PARA O ANO 2016

Para a realización das súas actividades, a Fundación aprobou na súa xuntanza do día 18 de decembro de 2015, o seguinte orzamento:

CONCEPTO	INGRESOS €	GASTOS €
Rendementos depósito prazo fixo 250.000 <sup>1</sup> x 0,746%	1.865	0
Gastos movementos conta corrente.		22
Gastos xestoría		242
Gastos viaxes <sup>2</sup>		554
Gastos escrituras notariais <sup>3</sup>		500
Publicación Boletín Auriense		4.669,28
Publicación web I Xornadas Olga Gallego de Arquivos <sup>4</sup>		968
Publicación Actas I Xornadas Olga Gallego de Arquivos no Boletín Auriense		2.500
Gastos II Xornadas Olga Gallego de Arquivos		8.042,49
Ingresos II Xornadas Olga Gallego de Arquivos	716,50	0
Gastos Xornada de Arquivos en colaboración con outras entidades		4.000
Outros e imprevistos		500
<b>TOTAL</b>	<b>3.133,5</b>	<b>21.997,77</b>

Xa que logo, con excepción dos rendementos achegados pola conta de aforro a prazo fixo de que dispón a Fundación e do importe das matrículas e patrocinios nas Xornadas Olga Gallego de Arquivos, non están previstos outros ingresos.

<sup>1</sup>.- 150.000 € + 100.00 € da doazón recibida no ano 2015.

<sup>2</sup>.- Quilometraxe: Considéranse unhas 6 reunións no ano; [0,19 €/Km; 360 Km./reunión (200 Km. Lugo-A Coruña + 140 Km. Santiago-A Coruña + 20 € outros desprazamentos) = 68,4 € reunión x 6= 410 €] + [60 € aparcamentos (6 x 5€ x2)] + [84 € peaxes (6 x 14 €)] = 554 €

<sup>3</sup>.- 4 x 125

<sup>4</sup>.- Considérase o suposto máis caro (ata o momento).

### 3. OBXECTIVOS

Para o ano 2016 se prevé continuar as actividades iniciadas durante o ano 2015 e desenvolver outras novas. Todas teñen como obxectivo dar cumprimento, por unha banda, aos fins da Fundación enunciados máis arriba e, por outra e de forma complementaria, acadar a máxima difusión pública posible.

### 4. ACTIVIDADES

Así pois, o plan de actividades para o ano 2016 comprenderá o desenvolvemento das seguintes accións: 1. Publicación das Actas das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos, 2. Sinatura de novos convenios de colaboración, 3. Realización das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos, 4. Publicación, xunto co *Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo provinciais de Ourense* dun novo número do Boletín Auriense e 5. Difusión web da Fundación e das súas actividades.

Preténdese concluír todas estas actividades no transcurso do ano, de acordo co seguinte calendario provisional:

Actividade	Data de realización/finalización
Publicación das Actas das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos (web)	Xaneiro 2016
Sinatura de novos convenios de colaboración	Xaneiro-Xuño 2016
Realización dunha Xornada de Arquivos en colaboración con outra entidade	Maio 2016
Publicación, xunto co Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo provinciais de Ourense dun novo número do Boletín Auriense	Xullo 2016
Publicación das Actas das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos (Boletín Auriense)	Xullo 2016
Realización das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos	Outubro 2016
Difusión web da Fundación e das súas actividades	Todo o ano

#### **4.1. Publicación das Actas das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos.**

Celebradas as I Xornadas Olga Gallego de Arquivos os días 2 e 3 de outubro de 2015 baixo o título de “Transparencia versus corrupción: os arquivos e a democracia”, está pendente a entrega dunha parte dos relatorios por parte dos seus autores.

A publicación será electrónica, no sitio web da Fundación. Xa se solicitaron orzamentos e propostas a 5 deseñadores gráficos e áchase pendente a súa adxudicación, que se realizará proximamente.

Unha vez entregados todos os textos e adxudicada a edición, prevese a publicación a comezos do ano 2016.

#### **4.2. Sinatura de novos convenios de colaboración.**

Asinados no ano 2015 os convenios marco de colaboración da Fundación coa Universidade da Coruña e co *Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo provinciais de Ourense*, están iniciados xa os trámites ou se prevé a sinatura, co mesmo carácter ou, tamén, máis específico, dos seguintes:

- Fundación Penzol de Vigo (convenio marco).
- Fundación Sierra-Pambley (convenio marco).
- Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo provinciais de Ourense (convenio anual).

#### **4.3. Realización dunha xornada monográfica (por definir) en colaboración con outra/s entidade/s**

No marco dos convenios asinados ou por asinar con algunha das entidades sinaladas ou coa Universidade da Coruña, fórmulase a posibilidade de celebrar unha xornada monográfica, conferencia ou reunión sobre un tema arquivístico de actualidade ou relacionado co patrimonio documental.

#### **4.4. Realización das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos.**

Trala positiva experiencia que supuxo a celebración das I Xornadas, estas II dedicaranse ao mundo dos arquivos da Administración Local.

Xa se constituíu un comité organizador, do que forman partes os membros do Padroado e, polo momento, dúas arquiteiras municipais (da Coruña e Oleiros). Cóntase, ademais, coa confirmación de Antonia Heredia Herrera como conferenciane inaugural e de Luis Martínez García e José Luis Castro Carpintero como relatores. Cursáronse invitacións a outros



arquiteiros de Administración Local españois e estase a estudar a posible participación dalgún portugués.

#### **4.5. Publicación dun novo número do Boletín Auriense.**

Esta será previsiblemente unha das actividades en que se concrete o convenio anual que se asinará co *Grupo Marcelo Macías*. O elenco de autores que recollerá este novo número da revista ourensá inclúe a Verónica del Río Canedo, Xoel Rodríguez Martínez, Rosa Villar Quinteiro, Carlos Viscasillas Vázquez, M<sup>a</sup> Cruz Bangueses Cobelas, Xan Moreno, José Ramón Hernández Figueiredo, José Carlos Bermejo Barrera e Xosé Suárez Otero, Juan Manuel González Carballo, Eduardo González Clavijo, Alberto Reboreda, Purificación Rodríguez, Francisco Fariña Busto, M<sup>a</sup> Xosé Sierra Rodríguez, Justo Carnicero, Clodio González Pérez, Rafael Romero Suances, Xoana Rodríguez Romero e Manuel Roberto Doce, entre outros.

#### **4.6. Publicación das actas en papel das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos.**

Outra das actividades que se prevén de acordo co convenio marco asinado co Grupo Marcelo Macías será a publicación da actas en papel das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos, ben como una anexo independente ao Boletín Auriense, ben no seo do novo número que se está a preparar.

#### **4.7. Difusión web da Fundación e das súas actividades**

A Fundación continuará a difundir de forma periódica as súas actividades a través do sitio web creado durante o ano 2015 ([www.fundacionolgagallego.gal](http://www.fundacionolgagallego.gal)) e das contas que abriu nas redes sociais (Facebook e Twitter).

A Coruña, 19 de decembro de 2015